

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 12 DE DECEMBRO DE 2016

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dezanove horas do día doce de decembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión extraordinaria e urxente, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Faise constar que dona M^a Olga Santos López, de ACdC-SON, incorporouse ás 19:05 horas, e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG, ás 19:10 horas, unha vez lido o enunciado do punto segundo da orde do día.

Non asiste, con escusa, dona Rocío Vila Díaz, do PP.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Pronunciamento do Pleno respecto da urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, de conformidade co establecido no artigo 95.2 do Regulamento orgánico municipal

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, concelleiro de UxC, explica que a urxencia deste pleno vén definida porque o día 15 hai que entregar o programa Edusi, como todos saben. Puxeron o pleno o día 12 para ter o día 13 para a preparación de documentación en Secretaría, e o 14 e o 15 porque ás veces cando se vai presentar telematicamente algo hai tantas solicitudes que o ordenador se colga, e a experiencia dilles que é mellor deixar dous días, por se un día non se pode meter, facelo ao día seguinte, xa que ás 14:00 horas péchase e acabouse o programa. Por iso teñen decidido levar isto ao límite en canto a poder aproximar o proxecto o máximo posible ao día 12, e que lles quedaran dous ou tres días para poder xogar con eses elementos. De aí vén a urxencia.

Toma a palabra o señor alcalde para sinalar que supón que todos estarán de acordo en ter dous días para presentalo, porque a máis de un lle pasou o último día, a última hora, non poder presentalo.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), o concelleiro presente de ACdC-SON (don Antonio Bruquetas Santos), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezaioito concelleiros presentes neste momento na sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 95.2 do ROM.

2. Aprobación, se procede, da solicitude de axuda, así como do documento para a candidatura do Concello de Cambre á segunda convocatoria para a selección de “Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado” que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020

Vista a proposta de Alcaldía do día 12 de decembro de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Con data 7 de outubro de 2016 publicouse no *Boletín Oficial do Estado* núm. 243 a Orde HAP/1610/2016, do 6 de outubro, pola que se aproba a segunda convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

Visto o documento elaborado pola empresa “Eosa Estrategia y Organización, S.A.”, denominado “Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado (EDUSI) - #facendocambre”, a desenvolver durante o período 2017-2020, cun orzamento total de 6.250.000,00 euros, e que conta cos seguintes catro obxectivos estratéxicos:

- O.E.1. Promover o uso e adopción das novas tecnoloxías da información e a comunicación como factor de desenvolvemento económico e social, fomentando a conexión entre o pasado e o futuro de Cambre, así como a conectividade exterior do territorio, cun orzamento de 737.500,00 euros.
- O.E.2. Conseguir un desenvolvemento sostible baseado nos recursos territoriais, minimizando as externalidades sobre o medio ambiente e seguindo os principios da economía circular e smart-economy, cun orzamento de 1.092.500,00 euros.
- O.E.3. Potenciar Cambre como un espazo central de calidade, no que os recursos patrimoniais naturais e culturais se atopan integrados na trama urbana e contribúen á vertebración do espazo, cun orzamento de 2.770.000,00 euros.
- O.E.4. Impulsar o papel da cultura e o patrimonio como factores de vertebración do territorio, de impulso do desenvolvemento económico e social, de xeración de emprego de calidade e de percepción dun espazo urbano diferenciado e atractivo, cun orzamento de 1.650.000,00 euros.

Propoño ao Pleno municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Aprobar a “Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) - #facendocambre”, a desenvolver durante o período 2017-2020, cun orzamento total de 6.250.000,00 euros.

Segundo: Ao abeiro do disposto na Orde HAP/1610/2016, do 6 de outubro, pola que se aproba a segunda convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (BOE núm. 243, do 7 de outubro de 2016), solicitar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o cofinanciamento da “Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) - #facendocambre”, por importe de 5.000.000,00 euros, co cal o financiamento previsto da dita estratexia sería:

- Achega municipal:	1.250.000,00 euros
- Axuda FEDER:	5.000.000,00 euros
- Total gasto elixible:	6.250.000,00 euros”

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, concelleiro de UxC, explica que o plan Edusi provén de dous plans, o plan Urban e o plan Arume, nos que xa teñen experiencia os señores concelleiros, e isto vén dende o concepto do que adoitan chamar *smart cities* ou cidades intelixentes.

O Edusi é unha estratexia de desenvolvemento urbano sostible e integrado e, en principio, parece que todos están de acordo en que a consecución destes fondos é fundamental para o desenvolvemento do concello, ao igual que o foi o plan Arume no seu momento.

Incorpóranse a este proxecto todas as achegas que entraban nas bases da convocatoria, é dicir, que se correspondían coas bases, e tratouse de incorporar a maior participación posible dentro do curto prazo que se tivo, tanto dos partidos políticos como do resto da xente.

Este plan busca unha sinerxia entre os distintos obxectivos estratéxicos, para que a empresa, a súa empresa, o concello, obteña os maiores beneficios.

Dentro das estratexias, e vai definilas un pouco rapidamente, o que se fai é buscar uns obxectivos estratéxicos. Neste caso buscáronse catro obxectivos estratéxicos dos oito ou nove que hai, porque consideraron que eran os que máis posibilidades lles daban neste concello.

O primeiro obxectivo estratéxico é promover o uso e adopción das novas tecnoloxías da información e a comunicación como factor de desenvolvemento económico e social, fomentando a conexión entre o pasado e o futuro de Cambre, así como a conectividade exterior do territorio. Este obxectivo ten uns obxectivos operativos que se poden resumir en garantir a conexión e uso de internet de calidade como un servizo universal; impulsar a valorización a través das TIC dos aspectos máis relevantes do territorio: patrimonio natural, patrimonio cultural, etc.; e fomentar as ferramentas electrónicas como canle de relación do cidadán coa administración. Eses son os tres obxectivos operativos que virían dentro da promoción das novas tecnoloxías.

O segundo obxectivo estratéxico é conseguir un desenvolvemento sostible baseado nos recursos territoriais, minimizando as externalidades sobre o medio ambiente e seguindo os principios da economía circular e *smart-economy*, que é outro aspecto da *smart city*. Os obxectivos operativos que inclúe son promover un Cambre enerxeticamente eficiente a través da introdución das enerxías renovables, a eficiencia enerxética e o peche do ciclo local da biomasa; lograr un consumo responsable e de proximidade, minimizando os residuos xerados e o seu impacto medioambiental; e o fomento da actividade económica local tradicional, logrando a súa viabilidade a escala urbana.

O terceiro obxectivo estratéxico é potenciar Cambre como un espazo central de calidade, que ten como obxectivos operativos completar a trama urbana mellorando a permeabilidade; lograr unha mobilidade urbana sostible; e potenciar o papel do patrimonio cultural, especialmente os ríos.

O cuarto obxectivo estratéxico é impulsar o papel da cultura e o patrimonio como factores de vertebración do territorio, de impulso do desenvolvemento económico e social, de xeración de emprego de calidade e de percepción dun espazo urbano diferenciado e atractivo. Os obxectivos operativos son impulsar o desenvolvemento da cultura ao longo de toda a súa cadea de valor; impulsar a transformación do comercio tradicional nun comercio innovador; e diseminar o impacto da cultura en todo o territorio, convertendo os centros sociais en centros de intervención sociocultural.

Continúa explicando que eses obxectivos estratéxicos, máis ou menos se definen orzamentariamente da seguinte forma. O obxectivo 1 tería un orzamento de 737.500 euros. O obxectivo 2 de 1.092.500 euros. O obxectivo 3 tería 2.770.000 euros e o obxectivo 4, 1.650.000 euros. Iso suma un total de 6.250.000 euros, dos cales 1.250.000 serían achegados polo concello e 5.000.000 achegados polos Fondos Feder.

Conclúe dicindo que, para finalizar, quere dicir que para eles este plan non pode ser unha aposta dun partido, nin dun Goberno, nin tan sequera da Corporación, é unha aposta de Cambre na que debe participar o conxunto da

ciudadanía, e así hai que entendelo, e así deben defendelo ante aqueles que lles van puntuar, que non deixa de ser o Estado neste caso.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que dende o seu grupo alégranse moito de que por fin teñan comprendido que estes fondos eran bos para Cambre. O Goberno municipal na primeira fase decidiu, sabendo que non o podían facer, ir cun proxecto a través do Consorcio As Mariñas, a sabendas de que non se podía presentar así, sobre todo un concello de máis de 20.000 habitantes. O PP o criticou, non lle fixeron caso, en fin..., pero alégranse de que por fin, como se di vulgarmente, caeran da burra.

Como non pode ser doutro xeito, e tiña razón aí o Sr. González Leirós, é fundamental para o desenvolvemento do concello, fundamental, por iso o PP xa pensaba nos primeiros meses que había que ir detrás deses fondos, pero ben, nunca é tarde se ao final eses fondos veñen para Cambre, nunca é tarde.

Continúa dicindo que tamén se alegran moito do desenvolvemento, aínda que ten que facer unha crítica, non destrutiva, construtiva, porque todo aquilo que criticaban durante o mandato do PP na Alcaldía, agora están eles a levalo a cabo, pero multiplicado por dous. O documento mandáronllelo hoxe ás 12:14 horas, un documento de 218 páxinas, para vir ao pleno das sete da tarde.

El tivo un mínimo tempo para lelo por riba, mínimo, pero na maioría das cousas están de acordo, porque o PP presentou 15 propostas ao Goberno, das cales recollen practicamente 9. Algunhas quizais non se recollen porque se pasaron, xa sabían que ao mellor non se podían meter nestas axudas, pero do resto están conformes. Tamén entenden que teñen que ter dous ou tres días para poder presentar telematicamente o documento, para que non haxa os atrancos que pode haber e que ao final queden fóra, polo tanto, non podía ser doutro xeito.

Conclúe dicindo que o PP vai apoiar ao Goberno, porque sempre os van ter aí cando intenten traer fondos para Cambre, sempre os terán ao seu lado, sempre, e di que o volve repetir. Conclúe reiterando que o seu voto será a favor.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que dende o seu grupo tamén queren facer un pouco fincapé nos temas dos tempos, de non ter incorrido na participación dos fondos totais, na anterior convocatoria, pero aínda que están de acordo en que este documento chega tarde, que chega con moi pouco tempo para o seu estudo, tamén están de acordo en que nel se seguen unha serie de obxectivos, unha serie de mínimos nos que Asemblea se ve bastante representada. O carácter social, medioambiental, integrador destes obxectivos, failles difícil sacarlle demasiadas cousas en contra.

Di que á parte, o seu grupo fixo 9 propostas, das que se inclúen dentro da estratexia 7, polo tanto o seu voto non pode ser máis que a favor, e estarán moi encima de que estas liñas de actuación, claves para o futuro desenvolvemento de Cambre, non se vexan despois coartadas polo próximo desenvolvemento do PXOM, que ten que facerse agora de novo, pero que se ten que facer seguindo un pouco as liñas que se marcan nestas estratexias.

Polo tanto, simplemente dicir que Asemblea de Cambre votará a prol desta estratexia.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que o seu grupo votará a prol desta proposta. Di que como tamén manifestaron outros grupos en función da reunión que mantiveron o mércores pasado cun representante da empresa redactora do proxecto, 6 das súas 8 propostas van ser incluídas no proxecto Edusi, polo tanto, como non, o seu voto será a prol da proposta.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que eles cren que a empresa Eosa, para o pouco tempo que tivo, ten feito un bo traballo, dentro do pouco tempo que tamén eles tiveron para velo. Si é certo que se lles enviou un primeiro documento resumo, de 45 páxinas, antes das 219 que

viñeron hoxe. Efectivamente moitas das propostas eran comúns, algunhas eran de todos os partidos, outras do Goberno e outros partidos, pero vense reflectidas e comparten moi ben as necesidades que todos ven para Cambre.

Ciudadanos sempre ten dito que apoiaría todo o que beneficiase a Cambre e, polo tanto, o seu voto vai ser a favor, como non podía ser doutra maneira. Si lles gustaría que as ideas que non teñen sido admitidas, que noutros proxectos nos que si poidan ser admitidas, non queden nun caixón e se poidan valorar nun futuro.

Conclúe reiterando que o seu voto vai ser a prol da proposta.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós dilles que se o Goberno ten que facer algún recoñecemento para que isto saia adiante, que non dubiden en que o van facer. De todas formas quería matizar o do pouco tempo, porque pouco tempo o tiveron todos, realmente a que traballou nisto foi a empresa Eosa, que foi a que estivo moi enriba. O Goberno procurou xestionar, e o que fixeron foi controlar que estivera enriba.

Como todos saben, o mércores tiveron unha reunión de hora e media ou dous horas, onde participaron todos os grupos cre lembrar, cre que non faltou ningún, onde se deron as liñas xerais, onde a maioría coincidiu nesas liñas xerais. O venres volveuse convidar a todos os grupos, aínda que só participou o PP, co cal dábase a entender que coas liñas xerais estaban todos de acordo, porque xa quedaran nelas o mércores.

Despois houbo matices nos documentos, pero realmente, como dicía a compañeira de Ciudadanos, os elementos básicos estaban, e non só estaban, senón que se detectou que todos están de acordo. Pero di que ben, que se hai que facer algún recoñecemento para que isto saia adiante, merece a pena. Dilles que lle boten a culpa a el, que el a acepta e a leva, ademais con moito cariño e sen problema ningún.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

O señor alcalde agradece a todos por axudar e participar en algo que cre que é esencial para Cambre.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as dezanove horas e dezaseis minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

M^a Luisa de la Red Ampudia